



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350

Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

## **PROVIDENCIA CONCELEIRA**

### **CONVOCATORIA - BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS**

### **“I CONCURSO DE CURTAMETRAXES DE NIGRÁN”**

#### **Preámbulo**

A Sociedade Galega de Sexoloxía (SOGASEX) foi creada en 1986 con sede provisional no Colexio de Psicoloxía de Galicia, naceu coa finalidade de promover en Galicia o desenvolvemento da Sexoloxía en diferentes áreas como poden ser investigación, educación, orientación e terapia. Na actualidade a súa sede está sita en Pontevedra, as actividades desta sociedade son múltiples, abordando temas centrados na Educación Sexual, Saúde Sexual e Reprodutiva. Adherida dende 1988 a Federación Española de Sociedades de Sexoloxía (FESS) ao longo do seu percorrido firmaron acordos de colaboración puntuais con diferentes colexios profesionais, asociacións, administracións públicas... e nos últimos anos a adhesión con algunhas entidades feministas que loitan pola igualdade e a pluralidade, vez, dende un enfoque biográfico e inclusivo de diversidade sexual. Orientada a promover a Saúde Sexual e a defender os Dereitos Sexuais, que inclúen, como recollen diversos documentos oficiais (OMS, UNESCO...), o dereito de toda persoa a unha vida sexual libre, satisfactoria e segura, libre de coerción discriminación e violencia; o recoñecemento das distintas identidades e opcións sexuais; o dereito a unha educación sexual exenta de prexuízos e estereotipos sexistas, adaptada ás necesidades das distintas etapas do desenvolvemento evolutivo da persoa; o respecto á capacidade e autonomía para tomar decisións sobre a súa vida sexual; o acceso os servizos de información, asesoramento e atención adecuada que contribúan ao ben estar sexual (Federación de Planificación Sexual de España 2005:4-5)

O Concello de Nigrán, que xa colaborou en varias ocasións coa Sociedade Galega de Sexoloxía, leva tres anos consecutivos realizando, en conxunto, a Semana da Diversidade Sexual, co obxectivo de sensibilizar de importancia dunha desenvolvemento integral da sexualidade de tódalas persoas e o dereito a unha educación sexual (recollida na LOMLOE ou Ley Celá para os Centros de ensino), baseada nos dereitos humanos, a igualdade e libre de violencias, e que permita o desenvolvemento de habilidades, actitudes e valores que capaciten no logro do benestar persoal e para desenvolver relacións sociais e sexuais respectuosas. A saúde sexual é un estado de ben estar físico, emocional, mental e social en relación á sexualidade. Non podemos falar de saúde sexual cando os Dereitos Sexuais non están a ser respectados, protexidos e satisfeitos. E o exercicio destes dereitos require políticas que velen pola igualdade, dado os condicionantes que marca o xénero na construcións, representacións e comportamentos sexuais. A protección destes dereitos ten singular significación para as persoas menores, adolescentes e as mulleres. Ademais da lexislacións, atopámonos con varios compromisos e mecanismos, tanto nacionais como europeos e internacionais, para prever e combater a explotación e os abusos sexuais a menores e as



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350

Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

violencias as mulleres, é por citar algúns: Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Convención dos Dereitos dos Menores, Convenio do Consello de Europa para a Protección de menores contra a explotación e abuso sexual, Convención para a Eliminación de todas as formas de Discriminación contra a Muller (CEDAW), Conferencia Mundial da Población e Desenvolvemento (*Cairo*) ou a Plataforma da Acción de Beijing acordada na IV Conferencia Mundial sobre a Muller que recaba “os dereitos das mulleres inclúen o dereito a ter o control e a decidir libre e responsablemente sobre o seu corpo e a súa sexualidade, incluída a saúde sexual e reprodutiva, libre de presións, discriminación e violencia”

Este ano, que sería o da *IV Semana da Diversidade Sexual* de Nigrán, preténdese dar visibilidade os Abusos Sexuais (dado o alarmante incremento de casos de violencia sexual e de abusos sexuais a menores a través das redes sociais), e quérese incluír unha proposta de mostrar imaxes e narrativas sobre a sexualidade e esta problemática a través do medio audiovisual, co obxectivo de producir coñecemento a través das experiencias ou das representacións que se teñen das violencias sexuais, sobre todo no contexto das violencias estruturais da sociedade, e xerar pensamento crítico e debate ao redor da construción das sexualidades violentadas, o alcance do problema e as consecuencias para as vítimas, incluída, moitas veces, a exclusión social. Queremos por o foco neste problema que afecta o conxunto da sociedade para poder identificalo e traballar na súa prevención, xerar modelos alternativos ao patriarcal, que favorece a cultura da violencia, e sensibilizar sobre a igualdade, a convivencia, o respecto e o consentimento dende as primeiras etapas da socialización .

Tendo en conta a complexidade que caracteriza o abuso sexual, en todas as súas manifestacións, a gravidade das súas consecuencias, tanto persoais como no entorno familiar e social, e o secretísimo que con frecuencia o acompaña; dende a Concellería de Servizos Sociais (con competencia en materia de protección da infancia) consideramos que é de interese social a execución do dito proxecto co concurso de curtametraxes e que o Concello de Nigrán ten intención de levar a cabo, dentro da IV Sema da Diversidade Sexual de Nigrán.

A través da Concellería de Servizos Sociais quérese seguir avanzando a favor da igualdade real entre homes e mulleres, coma resultado do Decreto Lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro, do Parlamento de Galicia, a consecución da igualdade queda instaurada coma un obxectivo estratéxico prioritario para todos os poderes e administracións públicas.

Os tratados internacionais, as transposicións das directivas comunitarias, as leis estatais e autonómicas e os ditames das Nacións Unidas, así coma o documento normativo da Carta Europea para a Igualdade de Mulleres e Homes na vida local, e no mesmo senso a lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes sinala que resulta necesario combater todas as manifestacións aun subsistentes de discriminación, directa ou indirecta, por



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

razón de sexo e promover a igualdade real entre homes e mulleres, coa remoción dos obstáculos e estereotipos sociais que impiden conseguila.

A Carta da Autonomía Local do Consello de Europa de 1985, subliña *“El derecho y la capacidad efectiva de las colectividades locales para regular y administrar, en el marco de la ley, bajo su propia responsabilidad y en beneficio de sus poblaciones, una parte importante de asuntos públicos”*. A aplicación e a promoción do dereito á igualdade debe estar no corazón deste concepto de autonomía local. Así mesmo a citada Carta establece que para lograr unha sociedade baseada na igualdade, é de capital importancia que os gobernas locais e rexionais integren plenamente a dimensión de xénero nas súas políticas, na súa organización e nas súas prácticas. No mundo de hoxe en día e de mañá, unha auténtica igualdade de homes e mulleres constitúe ademais, a clave do noso éxito económico e social- non soamente a nivel europea e nacional, senón igualmente en nosas rexións, nosas cidades e nosos municipios.

O papel das Entidades Locais e Rexionais na promoción da igualdade de sexos quedou afirmada na Declaración Mundial da IULA (Unión Internacional de Cidades e de Autoridades Locais) sobre *“Las mujeres en el gobierno local”* adoptada en 1998. A nova organización mundial, Cidades e Gobernas Locais Unidos, fixo igualmente da igualdade das mulleres e dos homes unos dos seus principais obxectivos.

O artigo 25 lei 7/85 de bases do réxime local, outorga o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. **En** concreto no campo da promoción da cultura e actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así coma contra a violencia de xénero.

## **CONVOCATORIA - BASES CONCURSO CURTAMETRAXES NIGRÁN**

### **1º.- NATUREZA XURÍDICA**

**Estas bases** específicas teñen por obxecto regular o desenvolvemento do I Concurso de curtametraxes de Nigrán, co obxecto de outorgar premios que revisten natureza xurídica de subvencións, de acordo co disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e dos preceptos concordantes da normativa autónoma.

En consecuencia, ademais do previsto nas presentes bases, resultará tamén de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas, así como as demais concordantes:

- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (SOE n.º 276 de 18-11-2003)



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- O Real decreto 887/2003, do 21 de xullo, polo cal apróbase o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (SOE n.º 176 de 25-7-2006).
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo cal apróbase o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 20 de 29-1-2009).
- Ordenanza xeral de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán (SOP n.º 141, de 22-7-2005), naquela parte na que non se contradiga coas disposicións anteriores.

Visto canto antecede, propono á Alcaldía-Presidencia a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Aprobar a convocatoria e bases reguladoras para un concurso de curtametraxes coa temática “Sexualidade e Abusos Sexuais”, tendo coma obxectivo xerar coñecemento, pensamento crítico e debate ao redor destas narrativas e sobre as distintas clases de abuso sexual, a construción das sexualidades no contexto da violencia estrutural e sobre o papel dunha educación sexual comprensiva

### **2º.- Data**

O concurso terá coma data límite de presentación de traballos o 19/05/2023 e o resultado das curtametraxes gañadoras darase a coñecer o 02/06/2023.

### **3º.- Modalidade**

Estableceranse dúas categorías:

A– Particular: Aberta a calquera persoa ou grupo de persoas que cumpran as condicións de participación

B– Centros educativos: Aberta a calquera centro educativo oficial da comunidade Autónoma de Galicia

A temática dos curtametraxes versará sobre a “Sexualidade e Abusos Sexuais”

### **4º.- Participantes**

#### **Categoría A:**

Poderán solicitar a súa participación no Concurso na categoría particular as persoas con máis de 18 anos, ou menores con autorización dos pais/nais titor/titora, a idade estará referida á data de finalización do prazo de presentación de traballos, é dicir, ata o 19/05/2023. Non existe limitación ao número de proxectos que se poden presentar, sen embargo inda que a unha persoa presente máis de un proxecto optará unicamente a un premio.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

## Categoría B:

Dentro da categoría de centros educativos poderán participar aqueles centros oficiais que o desexen. Que deberán presentar unha solicitude distinta para cada proxecto individual.

### **5°.- Contido**

As curtametraxes serán en **lingua galega** e a súa temática será a “Sexualidade e Abusos Sexuais”, a proposta sería mostrar imaxes e narrativas sobre as construción das sexualidades a través do medio audiovisual, este ano centradas nos abusos sexuais, tendo en conta a violencia estrutural e a necesidade dunha educación sexual integral e comprensiva.

A data de produción das curtametraxes deberá estar comprendida entre o 01/01/2022 e o 19/05/2023

As curtametraxes non poderán exceder de **15 minutos de duración**.

As curtametraxes non poderán incluír ningún contido que viole os dereitos das persoas á honra, a privacidade, a súa propia imaxe ou calquera outro dereito que afecte a terceiros. Non poden violar ningún dereito da propiedade intelectual, industrial ou de explotación.

A organización declina a responsabilidade legal respecto as curtametraxes e o seu contido

As Organización reservase o dereito de uso parcial ou total das curtametraxes, para poder mostrar publicamente, sempre sen ningún propósito comercial ou lucrativo, na promoción da Semana da Diversidade Sexual de Nigrán.

### **6.- Premios**

#### Categoría A (particular):

1º Premio: 400 euros

2º Premio: 100 euros

#### Categoría B (Centros educativos):

1º Premio: 400 euros

2º Premio: 100 euros

Os premios serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

### **7.- Financiamento**

A contía máxima do conxunto de premios, trofeos, axudas de custo e outros gastos correspondentes ao Concurso ascenden a 1000 euros con cargo á



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350

Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

consignación presupostara apropiada reflectida na partida do Orzamento Xeral para o ano 2023.

## **8.- Desenvolvemento do Concurso**

O concurso terá coma data límite de presentación de traballos o 19/05/2023 e o resultado das curtametraxes gañadoras darase a coñecer o 02/06/2023 no taboleiro do Concello de Nigrán, na páxina web da Sociedade Galega de Sexoloxía e nas Redes

## **9.- Xurado**

O Xurado está integrado por un mínimo de tres membros composto por Profesionais da Sexoloxía e o Audiovisual, cun Presidente e un/unha secretario/a sen voz pero con voto. O Xurado valorará e puntuará as obras sobre os seguintes aspectos:

- Calidade contido : ata 12 puntos
- Orixinalidade: ata 12 puntos
- Valores sobre a sexualidade e igualdade: ata 8 puntos
- Coidado da lingua: ata 10 puntos
- Educación e valores: ata 8 puntos.

En caso de empate resolverase co voto de calidade do presidente do mesmo. O veredicto do xurado será inapelable e por unanimidade poderá declarar deserto e non atribuír premios os participantes cando considere que non existen curtametraxes de calidade suficiente.

Na acta final figurarán (entre outros datos) os membros asistentes, a puntuación asignada por cada membro do xurado a cada curtametraxe, e os datos dos premiados.

Co fin de garantir o anonimato, o Concello de Nigrán facilitará o xurado, para o desenvolvemento das súas funcións, unicamente ás obras presentadas e manterá custodiada a identidade da persoa/s autora/s ata que se desenvolva o procedemento. Na data do 02/06/2023 publicarase a acta co resultado final do concurso no Taboleiro do Concello de Nigrán.

## **10.- Pagamentos**

Os premios serán aboados por medio de transferencia bancaria ao número de conta facilitado por parte dos participantes na solicitude.



## 11.- Inscripcións

### Categoría A:

Os traballos presentados deberán garantir o anonimato de acordo co previsto nas presentes bases. Poderán presentarse mediante dúas vías:

1. Preferentemente por sede electrónica enviando na solicitude o título da curtametraxe e anexando os documentos correspondentes:

1. Solicitude de participación debidamente cuberta, segundo o modelo incluído como **Anexo I** das presentes bases e convocatoria e que se poderá descargar na páxina <https://sogasex.es/>
2. Lista de tódolos participantes no proxecto segundo o Anexo III
3. Fotocopia do DNI / CIF de tódolos participantes
4. Para participantes menores de 18 anos, autorización firmada por un proxenitor/a ou titor/a e no caso de proxenitores/titores separados/divorciados será precisa a firma de ambos, segundo o modelo do Anexo IV.

2. No Rexistro do Concello de Nigrán ou por correo certificado.

O traballo presentarse a solicitude de participación xunto con un sobre pechado rotulado exteriormente baixo o título "I CONCURSO DE CURTAMETRAXES DE NIGRÁN", non podendo ser identificado de ningún xeito e preservando así o anonimato. Este sobre opaco que conterá no seu interior dous sobres (A e B).

- O sobre "A" será rotulado exteriormente co texto "I CONCURSO DE CURTAMETRAXES DE NIGRÁN SOBRE A + título elixido", este conterá:

1. Unha memoria USB etiquetada, no que se escribirá novamente o título.

- O sobre "B" será rotulado exteriormente co texto "I CONCURSO DE CURTAMETRAXES DE NIGRÁN SOBRE B + título elixido" e no interior conterá:

1. Lista de tódolos participantes no proxecto segundo o Anexo III

2. Fotocopia do DNI / CIF de tódolos participantes

3. Para participantes menores de 18 anos, autorización firmada por un proxenitor/a ou titor/a e no caso de proxenitores/titores separados/divorciados será precisa a firma de ambos, segundo o modelo do Anexo IV.



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

4. Certificación bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA, da persoa solicitante ou do seu representante. Onde se ingresará o importe do premio aos gañadores do concurso.

### Categoría B:

1 Obligatoriamente por sede electrónica enviando na solicitude o título da curtametraxe e anexando os documentos correspondentes:

- Solicitude de participación debidamente cuberta, segundo o modelo incluído como **Anexo II** das presentes bases e convocatoria e que se poderá descargar na páxina <https://sogasex.es/>
- Lista de tódolos participantes no proxecto segundo o Anexo III
- Fotocopia do DNI / CIF de tódolos participantes
- Para participantes menores de 18 anos, autorización firmada por un proxenitor/a ou titor/a e no caso de proxenitores/titores separados/divorciados será precisa a firma de ambos, segundo o modelo do Anexo IV.
- Certificación bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA, da persoa solicitante ou do seu representante. Onde se ingresará o importe do premio aos gañadores do concurso.
- Certificado de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Cada proxecto presentarase co mesmo procedemento, de forma independente polo que aqueles participantes que presenten máis de un proxecto deberán realizar a solicitude por cada un deles por separado.

## **11.- Forma de presentación dos vídeos**

Aqueles participantes que presentasen a súa solicitude a través do rexistro electrónico deberán presentar os vídeos da seguinte forma:

A través de plataformas de almacenamento de arquivos indicando os links e de ser necesario as instrucións de descarga nun documento adxunto ao rexistro, indicando nel o título da curtametraxe.

Deberan presentarse dous arquivos de video diferenciados:

O primeiro conterá exclusivamente a curtametraxe para o xurado





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

O segundo incluirá tras a curtametraxe un apartado de créditos para os actos de difusión

Os arquivos deben de estar dispoñibles para a súa descarga durante un mínimo de 5 días hábiles a contar dende a data de recepción da solicitude.

## **12.- Características dos vídeos**

Os vídeos deben estar realizados integramente en lingua galega e a súa temática estará relacionada co “Sexualidade e Abusos Sexuais”.

A modalidade dos traballos é libre (curtametraxes, dramatizacións, videoclips etc.) e admitiranse distintas técnicas de elaboración (animación, stop motion, cámara rápida...). Realizaranse coa participación activa do alumnado en todas as fases de elaboración.

Poderán ser creados con calquera dispositivo electrónico de boa calidade (teléfono móbil, cámara de vídeo, cámara fotográfica, tableta...). Realizaranse en horizontal, en cor ou en branco e negro, e terán unha duración máxima de 5 minutos (incluídos os títulos de crédito).

Presentaranse en formato dixital, preferiblemente en formato mp4, con resolución para web (mínimo 1.280 x 720 píxeles). Se isto non for posible, tamén se admitirán en mpg, mov, avi, wmv e epub3.

O espazo de créditos indicará o nome dos participantes e o do colexio ao que pertencen se fose o caso e engadirán nun lugar visible os logos do Concello de Nigrán e das Asociacións colaboradoras. Estes logos, xunto coas indicacións para o seu uso, estarán dispoñibles para descargar na sede electrónica do concello de Nigrán.

A banda sonora, a música, os efectos sonoros e as imaxes que se empreguen deberán ser orixinais, estar libres de dereitos ou ter licenza de uso para o fin que se persegue.

As obras elaboraranse e difundiranse baixo a licenza «Creative Commons», que combine as propiedades «recoñecemento», «non comercial» e «compartir igual».

A CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS